

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA NO ACTO DE IMPOSICIÓN DAS MEDALLAS DE GALICIA 2012

Santiago, 25 de xullo de 2012.-

Autoridades presentes.
Señoras e señores.

Non seríamos fieis ao espírito que inspira esta conmemoración, se hoxe fixeramos abstracción dos problemas que afronta o noso país. Galicia non é unha terra illada. Como sempre sucedeu ao longo da súa historia, ten vocación de participar en grandes empresas colectivas, como son a España democrática e a Europa da unidade.

Podemos afirmar con lexítimo orgullo que, tanto nunha como na outra, a presenza galega se sinte e actúa. Porque así o quixemos democraticamente, os galegos formamos parte de conxuntos amplos nos que se desenvolve a nosa vitalidade social, a nosa vitalidade cultural e a nosa vitalidade económica.

Os grandes logros acadados polo pobo galego nas últimas décadas non se explican sen esa íntima correlación entre a capacidade para cultivar o noso e a facultade para tender vencellos co noso entorno. Somos o que somos grazas a que participamos en proxectos comúns nos que se fai máis forte a nosa personalidade. Galicia ofrece ao mundo o gran exemplo dunha comunidade que sae do seu letargo sen conflitos tráxicos, sen dolorosas rupturas internas e sen caer na tentación dun ensimesmamento empobrecedor.

Percorremos, polo tanto, un camiño conxunto, e sufrimos tamén os atrancos que nesa ruta se presentan. Non somos inmunes ás incertezas da idea de Europa, nin á crise que azouta á realidade española. Non somos inmunes, pero tampouco temos un papel pasivo.

A historia xa non pasa por diante de nós; agora somos quen de adiantarnos á historia coa axuda das nosas ferramentas autonómicas e desa enerxía humana que atesoura a sociedade galega e que se pon de manifesto neste acto, nesta tarde, aquí en Compostela.

Esas ferramentas son un compendio de dereitos e deberes. O autogoberno fainos libres e ao mesmo tempo responsables porque a liberdade conxúgase sempre coa responsabilidade. Unha sociedade que esquece os seus compromisos, un pobo que non é quen de afrontar sacrificios, un Goberno que abdica das súas obrigas, dificilmente poderán formar un país viable.

O autogoberno significa capacidade para tomar decisións, tanto en momentos de bonanza, como en situacións difíciles. Non seríamos merecentes do legado de todos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aqueles que soñaron cada 25 de Xullo cunha Galicia dona de si mesma, se hoxe adoptásemos unha actitude resignada.

A autonomía nace para poñer un punto final á resignación. Para substituíla pola acción, pola decisión, pola resolución. Non hai resignación na maneira en que o noso país está dando resposta aos problemas que o atenazan.

Podemos afirmar con orgullo que a liberdade recobrada co noso Estatuto, está servindo para que Galicia marque o seu propio camiño con decisións que, en moitas ocasións, se adiantan ás que se toman despois con maior sacrificio noutras comunidades, e que agora nos permiten, a nós, a Galicia, aplicar terapias máis suaves. Non é mérito dun Goberno concreto, senón a consecuencia dunha actitude social que involucra aos galegos no seu conxunto.

Son os galegos os que están vendo Galicia como unha casa común, na que cómpre actuar cunha lóxica semellante á de calquera casa particular. Son os galegos os que están demostrándolle aos que senten receo cara ao sistema autonómico, que o autogoberno é unha enerxía positiva que une aos pobos para combater a adversidade, e buscar a cooperación e o entendemento coas demais comunidades. En Galicia, en suma, estase afirmando con feitos que a autonomía forma parte da solución.

Señoras e señores. Non é este o momento nin o lugar de pormenorizar as causas da situación que padecemos. Quero determe, porén, nunha eiva, nunha eiva que posiblemente estea nas orixes destas turbulencias. Refírome ao déficit do espírito colectivo, e ao exceso de individualismo nos comportamentos sociais, nos comportamentos políticos e nos comportamentos institucionais. Refírome á perda da idea de ben común, e ao esquecemento da cooperación como pilar imprescindible das sociedades democráticas.

Porque unha comunidade non é unha mera agregación de persoas que coinciden nun tempo en un lugar. Non se convive para estar xuntos, senón para facer cousas xuntos, para ter soños compartidos, para loitar de xeito mancomunado contra o infortunio, para compartir ideais e valores. Se faltan eses puntos de encontro, a comunidade esvaece. ¿Temos os galegos esas esperanzas, anhelos e compromisos colectivos? Témolos. Demostrámolo arreo noutras circunstancias difíciles e seguímolo demostrando hoxe.

¿Posuímos ese espírito de colectividade que distingue aos pobos que escriben o seu destino? A resposta vén da man dos galegos que galardamos neste 25 de Xullo. Non son unha excepción, senón unha representación. Non estamos diante de casos anómalos en medio dunha sociedade pasiva, senón de mostras que dan fe dun país vivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Milladoiro: Milladoiro tráenos o traballo de músicos coñecidos e anónimos que recolleron a tradición para incorporala ás correntes da modernidade. Como a Galicia actual, o grupo fusiona elementos diversos, incorpora achegas que enriqueceron e seguen enriquecendo o seu repertorio. Grazas a elo, Milladoiro é a banda sonora da nosa recente historia.

Máis de cento oitenta anos: Máis de cento oitenta anos de historia resúmense na Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. Case dous séculos, dos séculos nos que o xuramento hipocrático se une intimamente cun compromiso co noso país. A medalla premia a investigación e a medicina galega nos cumios máis recoñecidos, e tamén a aqueles outros que desenvolven un labor humanista en contacto estreito coa xente. Non facemos máis que expresar con solemnidade un agradecemento que sentimos todos os galegos.

Con Javier López López, Rodrigo Maseda Lozano e José Antonio Villamor Vázquez, Galicia non precisa heroes mitolóxicos porque tenos na realidade. Os galegos de xeracións futuras sempre terán neles un espello no que mirarse, un exemplo que lles serve e lles permitirá sentirse un pouco máis orgullosos de pertencer ao seu país de aqueles que levaron o cumprimento do deber a extremos sobrehumanos. No Orzán coruñés produciuse unha traxedia, pero tamén naceu unha lenda real, unha lenda real que non morrerá nunca.

Velaí tres réplicas a ese individualismo que posiblemente estea no cerne dos males que hoxe padecemos. Nelas hai traballo colectivo, entrega ao ben común, altruísmo, cooperación, valores que non poden ser substituídos por ningunha receita económica.

Non existe ningunha fórmula para superar automaticamente os problemas que nos desacougan. Vivimos nun tempo no que fallan moitas das certezas anteriores, pero segue vixente aquela que fía o rexurdimento ao factor humano. Galicia ten ese factor do seu lado.

Aquel gran amigo da ruta xacobeá que foi Goethe pedía que “non preguntásemos se estamos plenamente de acordo, senón se marchamos polo mesmo camiño”.

A entrega dos que forman parte dos corpos e forzas de seguridade do Estado, a dedicación dos profesionais da medicina, o esmero das mulleres e dos homes do mundo da cultura, van polo mesmo camiño. Nun camiño no que podemos atoparnos todos os galegos. No camiño no que podemos atoparnos todas as galegas. Máis nada.

Moitas grazas.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA